

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2019 /2020**

**MP0655 XESTIÓN LOGÍSTICA E COMERCIAL**

**CENTRO CPR CEBEM COD. 36013795**

**CURSO 2º DO C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS**

**DATA: 11 MAIO 2020**

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación
RA1 - Realiza procesos de selección de provedores analizando as condicións técnicas e os parámetros habituais.	CA1.1 Identificáronse as fontes de subministración e procura de provedores. CA1.2 Confeccionouse un ficheiro cos provedores potenciais de acordo cos criterios de procura en liña e off-line. CA1.3 Realizáronse solicitudes de ofertas e prego de condicións de aprovisionamento. CA1.4 Compiláronse as ofertas de provedores que cumpran as condicións establecidas para a súa posterior avaliación. CA1.5 Definíronse os criterios esenciais na selección de ofertas de provedores (económicos, prazo de aprovisionamento, calidade, condicións de pagamento, servizo, etc.). CA1.6 Comparáronse as ofertas de varios provedores de acordo cos parámetros de prezo, calidade e servizo. CA1.7 Estableceuse un baremo dos criterios de selección en función do peso específico que, sobre o total, represente cada variable considerada.
RA2 - Planifica a xestión das relacións cos provedores aplicando técnicas de negociación e comunicación	CA2.1 Relacionáronse as técnicas máis utilizadas na comunicación con provedores. CA2.2 Detectáronse as vantaxes, os custos e os requisitos técnicos e comerciais de implantación dun sistema de intercambio electrónico de datos, na xestión do aprovisionamento. CA2.3 Elaboráronse escritos de xeito claro e conciso nas solicitudes de información aos provedores. CA2.4 Preparáronse previamente as conversas persoais ou telefónicas cos provedores. CA2.5 Identificáronse os tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores. CA2.6 Explicáronse as etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento. CA3.7 Describíronse as técnicas de negociación máis utilizadas na

	compravenda e no aprovisionamento.
<p>RA3 - Elabora plans de aprovisionamento analizando información das áreas da organización ou empresa.</p>	<p>CA3.1 Definíronse as fases dun programa de aprovisionamento, desde a detección de necesidades ata a recepción da mercadoría.</p> <p>CA3.2 Determináronse os principais parámetros que configuran un programa de aprovisionamento que garanta a calidade e o cumprimento do nivel de servizo establecido.</p> <p>CA3.3 Obtivéronse as previsións de venda e/ou demanda do período de cada departamento implicado.</p> <p>CA3.4 Contrastáronse os consumos históricos e a lista de materiais e pedidos realizados en función do cumprimento dos obxectivos do plan de vendas e/ou produción previsto pola empresa ou a organización.</p> <p>CA3.5 Calculouse o custo do programa de aprovisionamento, diferenciando os elementos que o compoñen.</p> <p>CA3.6 Determinouse a capacidade óptima de almacenamento da organización, tendo en conta a previsión de existencias.</p> <p>CA3.7 Elaboráronse as ordes de subministración de materiais con data, cantidade e lotes, indicando o momento e o destino ou a situación da subministración ao almacén e/ou ás unidades produtivas precedentes.</p> <p>CA3.8 Previuse con tempo suficiente o reaprovisionamento da cadea de subministración para axustar os volumes de existencias ao nivel de servizo, evitando os desabastecementos. Tamaño óptimo de pedidos, existencias de seguridade, punto de pedido.</p>
<p>RA4 - Define as fases e operacións que deben realizarse dentro da cadea loxística, asegurándose a rastrexabilidade e a calidade no seguimento da mercadoría</p>	<p>CA4.1 Descríbóronse as características básicas da cadea loxística identificando as actividades, as fases e os axentes que participan, e as relacións entre eles.</p> <p>CA4.2 Interpretáronse os diagramas de fluxos físicos de mercadorías, de información e económicos en cada fase da cadea loxística.</p> <p>CA4.3 Descríbóronse os custos loxísticos directos e indirectos, fixos e variables, considerando todos os elementos dunha operación loxística e as responsabilidades imputables a cada axente da cadea loxística.</p>

CA4.4 Valoráronse as alternativas nos modelos ou nas estratexias de distribución de mercadorías.

CA4.5 Establecéronse as operacións suxeitas á loxística inversa e determinouse o tratamento que se lles debe dar ás mercadorías retornadas, para mellorar a eficiencia da cadea loxística.

CA4.6 Valórouse a responsabilidade corporativa na xestión de residuos, desperdicios, devolucións caducadas, embalaxes, etc.

## 2.Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Durante este trimestre, de modo xenérico, a recompilación da información realízase a través da revisión dos exercicios, actividades e traballos entregados polo alumnado a través do correo electrónico. Desta forma pódese coñecer as competencias adquiridas polo reforzo e repaso realizado.</p>
	<p>Instrumentos: Controlarase que as actividades de reforzo e traballos que debe realizar cada alumno estean completos, ordenados e adecuadamente presentados. Ademais teranse en conta a súa participación nas reunións.</p> <p>Este traballo realizado polo alumnado terá unha ponderación do 20% na nota final, sempre que foran entregados de forma completa e no tempo establecido.</p> <p>Ademais realízase unha proba, de forma telemática o presencial (se a autoridade sanitaria lo autoriza) que terá unha ponderación do 80% da nota final. Dita proba consistirá na resolución de supostos teóricos e exercicios prácticos para avaliar os estándares e as competencias imprescindibles sinalados ao inicio desta programación.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final obterase sumando a nota dos traballos e exercicios entregados polo alumnado mais a nota da proba teórica – práctica.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Non hai en Formación Profesional</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Neste curso non hai alumnado có o módulo pendente</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>ACTIVIDADES DE REPASO, REFORZO E RECUPERACIÓN</p> <p>Durante este trimestre realizarase actividades enfocadas a reforzar e a recuperar as competencias correspondentes aos criterios de avaliación, sinalados ao inicio desta programación.</p> <p>Envío de exercicios e supostos sobre as unidades didácticas impartidas de forma presencial durante o primeiro e segundo trimestre.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Para a planificación de todas as sesións de tele docencia, enviáselle unha comunicación por correo electrónico das novas pautas para o seguimento da materia. Que se resumen nas seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1.º Envío dos supostos e exercicios por correo electrónico .</li><li>2.º Recepción dos exercicios por correo electrónico</li><li>3.º Comunicacóns e consultas de dúbidas por correo electrónico</li><li>4.º Titorías por videoconferencias mediante <i>Cisco Webex Meetings</i>.</li></ol> <p>A profesora establece unha serie de videoconferencias periódicas, tres ou catro á semana, mediante a aplicación <i>Cisco Webex Meetings</i>, para explicar dúbidas e conceptos destas unidades. O alumnado corrixe o traballo realizado e pregunta dúbidas .</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os recursos utilizados son apuntes, esquemas, supostos, exercicios, que poden ser enviado de forma telématica.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase ao alumnado por escrito, de forma individual, a través do correo electrónico
<b>Publicidade</b>	Publicarase na páxina web do centro.